



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 2/04/2016

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día dous de abril de dous mil dezaseis, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D. José Trillo Lema
D^a. Marta Rey Lema
D^a. María José Ramos Rey
D. José Antonio Vidal Mira
D^a. María Élda Pequeño Lorenzo
D. Anselmo Ramos Martínez
D^a. Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D^a. Raquel Rodríguez Amigo
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D^a. Paula Mouzo Maceiras

Secretaria acumulada: Rocío Hermida Cancela

Interventora: D^a María Lourdes Castro Pena (Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de data 16 de marzo de 2016 pola que se resolve o nomeamento provisional a dita funcionaria para o posto de Intervención do Concello de Vimianzo).

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

- 1º. Aprobación *ope legis* das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 30 de xaneiro e 17 de febreiro de 2016.
- 2º. Proposta da Alcaldía sobre o desenvolvemento das funcións do posto de tesouraría
- 3º. Proposta da Alcaldía sobre a creación de ficheiros de videovixiancia
- 4º. Proposta da Alcaldía sobre a aprobación inicial da Ordenanza Municipal de Emerxencia Social do Concello de Vimianzo.
- 5º. Proposta da Alcaldía sobre expediente núm. 2016/SC/01 de suplemento de crédito financiado remanente tesouraría para gastos xerais
- 6º. Proposta da Alcaldía sobre expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2016/REC/03
- 7º. Proposta da Alcaldía sobre modificación da Ordenanza Fiscal núm. 8 reguladora do imposto sobre bens inmobles
- 8º. Proposta da Alcaldía sobre recoñecemento da bonificación do 95% da cota do ICIO solicitado por D. Manuel Sendón López



9º. Proposta da Alcaldía sobre aprobación definitiva da cesión gratuíta ao Sergas do edificio destinado a centro de saúde, situado na rúa Rosalía de Castro, 1, Vimianzo

10º. Proposta da Alcaldía relativa a toma de razón da Sentenza núm.0812/2015, dictada o día 23/12/2015 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e anulación, en consecuencia da mesma, do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións, rasantes e ordenar os volumen edificables das fincas Prado do Muíño e Daquela Banda-Vimianzo, no lugar de A Piroga (Bamiro).

11º. Proposta da Alcaldía sobre ratificación das resolucións da Alcaldía polas que se aproban varios proxectos (corrección de erratas) incluídos no PAS 2015.

B) Sección de control

12º. Comunicados oficiais.

13º. Dación de conta da liquidación do orzamento do exercicio 2015.

14º. Dación de conta da xustificación da dotación económica aos grupos políticos, ano 2015

15º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

16º. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

17º. Mocións.

18º. Rogos e preguntas.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación *ope legis* das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 30 de xaneiro e 17 de febreiro de 2016.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas. Ningún concelleiro/a formula observacións.

Quedan aprobadas as actas da sesións celebradas o 30 de xaneiro e 17 de marzo de 2016.

2º. Proposta da Alcaldía sobre o desenvolvemento das funcións do posto de tesouraría

Dase conta da proposta da alcaldía de data 3 de marzo de 2016 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, na sesión do día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Posto de tesouraría



O artigo 92.bis da Lei 7/85 establece como función pública necesaria e reservada a funcionarios de habilitación de carácter nacional as de Secretaría, Intervención e Tesouraría.

Nembargantes, a Disposición Transitoria sétima do mesmo texto legal establece que ata o 31 de decembro de 2016, salvo prórroga da Lei de orzamentos xerais do estado, pódese acreditar mediante informe ao Pleno a imposibilidade de que as funcións de Tesouraría- Recadación sexan desenvoltas por un funcionario de habilitación nacional, ditas funcións poderían ser exercidas por funcionarios de carreira da Deputación provincial ou funcionarios de carreira da propia corporación.

Actualmente estas funcións están desempeñadas por funcionario de carreira desta corporación.

Non é posible por razóns económicas que exista outro posto de habilitación nacional que desenvolva esas funcións, xa que iso incrementaría excesivamente o custo do persoal, non podendo este concello asumir dita carga económica existindo xa dous postos de habilitación nacional.

Visto canto antecede, esta Alcaldía, previo ditame da Comisión informativa permanente de Asuntos Xerais, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Recabar a asistencia da Deputación Provincial da Coruña ao respecto ou en todo caso continuar coa prestación desas funcións por funcionario de carreira desta corporación, como ata o momento se está procedendo, con plena efectividade. Vimianzo, 03 de marzo de 2016. O alcalde. Asdo: Manuel Antelo Pazos."

Sr alcalde di que esta é unha cuestión por modificación da normativa que regula as tesourarías e que obrigaría a contratar un habilitado, como non hai suficientes habilitados temos que solicitar da deputación ou que nos deixe cubrir a nos por funcionario da Corporación e cuestión de procedemento para ter a tesourería conforme a lei.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos por unanimidade.

3º. Proposta da Alcaldía sobre a creación de ficheiros de videovixancia

Dase conta da proposta da alcaldía de data 11 de marzo de 2016 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, na sesión do día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis:

“ACUERDO A ADOPTAR POR EL PLENO DE LA CORPORACIÓN

La Ley Orgánica 4/1997, de 4 de agosto, por la que se regula la utilización de videocámaras por las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad en lugares públicos, se remite en su artículo 2.2, sin renunciar a su función reguladora de la videovigilancia policial, a la derogada Ley Orgánica 5/1992, de 29 de octubre, de Regulación del Tratamiento Automatizado de datos de Carácter Personal. Tal remisión debemos entenderla hoy referida a la vigente Ley Orgánica 15/1999 de 13 de diciembre de Protección de Datos de Carácter Personal.

La existencia de ficheros de carácter personal y los avances tecnológicos, singularmente los informáticos, suponen posibilidades de intromisión en el ámbito de la privacidad e intimidad así como de limitación y vulneración del derecho a la autodisposición de las informaciones que son relevantes para cada persona. Por ello, el ordenamiento jurídico reconoce derechos en este campo y establece mecanismos para su garantía. La Constitución Española, en su artículo 18, reconoce como derecho fundamental el derecho al honor, a la intimidad personal y familiar y a la propia imagen y establece que *“la ley limitará el uso de la informática para garantizar el honor y la intimidad personal y familiar de los ciudadanos y el pleno ejercicio de sus derechos”*. El Tribunal Constitucional, interpretando este artículo, ha declarado en su jurisprudencia, y especialmente en sus sentencias 290/2000 y 292/2000, que el mismo protege el derecho fundamental a la protección de datos de carácter personal, otorgándole una sustantividad propia. Este derecho ha sido denominado por la doctrina como “derecho a la autodeterminación informativa”.

La seguridad y la vigilancia no son incompatibles con el derecho fundamental a la protección de la imagen como dato personal, lo que en consecuencia exige respetar la normativa existente en materia de protección de datos, para de esta manera mantener la confianza de la ciudadanía en un sistema democrático.



Las imágenes se consideran dato de carácter personal, en virtud de lo establecido en el artículo 3 de la Ley Orgánica 15/1999 de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal y en el artículo 5.1 f) del Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la meritada Ley Orgánica, que considera como dato de carácter personal la información gráfica o fotográfica.

Es responsabilidad de las Administraciones Locales lo concerniente a la creación, modificación o supresión de ficheros de datos de carácter personal.

El artículo 52 del Real Decreto 1720/2007 de 21 de diciembre por el que se aprueba el Reglamento de Desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999 de 13 de diciembre de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD artículo 20), dispone que la creación, modificación o supresión de los ficheros de titularidad pública sólo podrán hacerse por medio de disposición general o acuerdo publicada en el «Boletín Oficial» correspondiente. Con esta finalidad se propone al Pleno de la Corporación del Ayuntamiento de Vimianzo, acordar aprobar los ficheros que han de ser notificados a la Agencia Española de Protección de Datos para su inscripción en el Registro General de Protección de Datos y que se hacen públicos a través del presente indicando los datos preceptivos.

PRIMERO.- Creación de ficheros

Se crean los ficheros de datos de carácter personal señalados en el ANEXO I.

SEGUNDO.- Medidas de seguridad.

Los ficheros automatizados que por el presente Acuerdo se crean cumplen las medidas de seguridad y exigencias establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999 de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal.

TERCERO.- Publicación.

De conformidad con lo establecido en el artículo 196 del reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales y el artículo, se ordena que el presente acuerdo sea publicada en Boletín Oficial de la Provincia. En cumplimiento del artículo 55 del Reglamento de desarrollo de la Ley 15/1999 los ficheros serán notificados para su inscripción en el Registro General de Protección de Datos en el plazo de 30 días desde la publicación de este acuerdo en el B.O.P.

CUARTO.- Entrada en vigor.

El presente Acuerdo entrará en vigor al día siguiente de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña. Vimianzo, 11 de marzo de 2016. O alcalde. Manuel Antelo Pazos.”

ANEXO I.

FICHERO: VIDEOVIXIANCIA CASA DO CONCELLO

1. ÓRGANO, ENTE O AUTORIDAD ADMINISTRATIVA RESPONSABLE DEL FICHERO:

Ayuntamiento de Vimianzo, Alcaldía

2. ÓRGANO, SERVICIO O UNIDAD ANTE EL QUE DEBERÁN EJERCITAR LOS DERECHOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN Y OPOSICIÓN:

Alcalde de Vimianzo, Praza do concello número 6. 15129 – Vimianzo

Fax: 981716650

correo@vimianzo.gal

3. NOMBRE Y DESCRIPCIÓN DEL FICHERO QUE SE CREA:

“VideovixianciaCasadoConcello” Conjunto de imágenes digitales de los usuarios, funcionarios del edificio de la Casa do Concello de Vimianzo.



4. Se trata de un FICHERO DE CARÁCTER INFORMATIZADO al apoyarse la captación de imágenes en un videograbador digital que admite conexión tcp/ip.

5. MEDIDAS DE SEGURIDAD: nivel básico.

6. TIPOS DE DATOS DE CARCTER PERSONAL QUE SE INCLUIRÁN EN EL FICHERO: imagen/voz

7. FINALIDAD DEL FICHERO:
Seguridad pública, doméstica y control de accesos.

8. COLECTIVOS SOBRE LOS QUE SE PRETENDE OBTENER DATOS O RESULTEN OBLIGADOS A SUMINISTRARLOS:

Usuarios de las instalaciones y funcionarios.

9. PROCEDENCIA DE LOS DATOS: El propio interesado

10. PROCEDIMIENTO DE RECOGIDA: Captación mediante cámaras.

11. ÓRGANOS Y ENTIDADES DESTINATARIOS DE LAS CESIONES PREVISTAS:

Órganos judiciales, Fuerzas y cuerpos de seguridad.

12. NO HAY TRANSMISIÓN INTERNACIONAL DE DATOS PREVISTA.

FICHERO: VIDEOVIXIANCIA CASA DA CULTURA

1. ÓRGANO, ENTE O AUTORIDAD ADMINISTRATIVA RESPONSABLE DEL FICHERO:

Ayuntamiento de Vimianzo, Alcaldía

2. ÓRGANO, SERVICIO O UNIDAD ANTE EL QUE DEBERÁN EJERCITAR LOS DERECHOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN Y OPOSICIÓN:

Alcalde de Vimianzo, Praza do concello número 6. 15129 – Vimianzo

Fax: 981716650

correo@vimianzo.gal

3. NOMBRE Y DESCRIPCIÓN DEL FICHERO QUE SE CREA:

"VideovixianciaCasadeCultura" Conjunto de imágenes digitales de los usuarios, funcionarios del edificio de la Casa de Cultura de Vimianzo.

4. Se trata de un FICHERO DE CARÁCTER INFORMATIZADO al apoyarse la captación de imágenes en un videograbador digital que admite conexión tcp/ip.

5. MEDIDAS DE SEGURIDAD: nivel básico.

6. TIPOS DE DATOS DE CARCTER PERSONAL QUE SE INCLUIRÁN EN EL FICHERO: imagen/voz

7. FINALIDAD DEL FICHERO:
Seguridad pública, doméstica y control de accesos.

8. COLECTIVOS SOBRE LOS QUE SE PRETENDE OBTENER DATOS O RESULTEN OBLIGADOS A SUMINISTRARLOS:

Usuarios de las instalaciones y funcionarios.



9. PROCEDENCIA DE LOS DATOS: *El propio interesado*

10. PROCEDIMIENTO DE RECOGIDA: *Captación mediante cámaras.*

11. ÓRGANOS Y ENTIDADES DESTINATARIOS DE LAS CESIONES PREVISTAS:
Órganos judiciales, Fuerzas y cuerpos de seguridad.

12. NO HAY TRANSMISIÓN INTERNACIONAL DE DATOS PREVISTA.

FICHERO: VIDEOVIXIANCIA SEGURIDADE CIUDADA NO PARQUE EMPRESARIAL DE VIMIANZO.

1. ÓRGANO, ENTE O AUTORIDAD ADMINISTRATIVA RESPONSABLE DEL FICHERO:

Ayuntamiento de Vimianzo, Alcaldía.

2. ÓRGANO, SERVICIO O UNIDAD ANTE EL QUE DEBERÁN EJERCITAR LOS DERECHOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN Y OPOSICIÓN:

Alcalde de Vimianzo, Praza do concello número 6. 15129 – Vimianzo

Fax: 981716650

correo@vimianzo.gal

3. NOMBRE Y DESCRIPCIÓN DEL FICHERO QUE SE CREA:

“Videovixianzaseguridade cidadada no parque empresarial de Vimianzo” Conjunto de imágenes digitales de los usuarios, funcionarios del edificio de la Casa de Cultura de Vimianzo.

4. Se trata de un FICHERO DE CARÁCTER INFORMATIZADO al apoyarse la captación de imágenes en un videograbador digital que admite conexión tcp/ip.

5. MEDIDAS DE SEGURIDAD: nivel básico.

6. TIPOS DE DATOS DE CARCTER PERSONAL QUE SE INCLUIRÁN EN EL FICHERO: *imagen/voz*

7. FINALIDAD DEL FICHERO:

Sistema de videovigilancia instalada en las vías públicas del Parque empresarial de Vimianzo con la finalidad de prevenir la comisión de delitos, faltas e infracciones relacionadas con la seguridad pública.

8. COLECTIVOS SOBRE LOS QUE SE PRETENDE OBTENER DATOS O RESULTEN OBLIGADOS A SUMINISTRARLOS:

Personas físicas que acceden a las zonas videovigiladas de la vía pública.

9. PROCEDENCIA DE LOS DATOS: *El propio interesado o su representante legal.*

10. PROCEDIMIENTO DE RECOGIDA: *Captación mediante cámaras.*

11. ÓRGANOS Y ENTIDADES DESTINATARIOS DE LAS CESIONES PREVISTAS:

Órganos judiciales, Fuerzas y cuerpos de seguridad.

12. NO HAY TRANSMISIÓN INTERNACIONAL DE DATOS PREVISTA.”

Sr alcalde: tamen son procedmentos legais para ter normalizada e legalizada a seguridade na Casa do Concello no exterior da Casa da Cultura como no parque empresarial para asegurar todo o parque, evidentemente neste momento as cámaras non están en funcionamento seguindo a normativa ao respecto hai que facer esta aprobación e logo comunicalo á Subdelegación, non é a primeira vez que se fai neste Concello, tiñamos dúas no exterior da casa da cultura que gravaba o exterior que estaba no garaxe municipal e na casa do concello que grababa a praza e a entrada, nun momento determinado o renovar os permisos considerou a delegación que non era preciso.

Sr Rodríguez Blanco: agora non funciona ninguna?

Sr alcalde: non

Sra Rodríguez Ordoñez: un matiz xa que tivemos acceso o expediente que solicitamos, aínda que con inconvinientes, e vemos que houbo tres requirimentos da axencia, se arquivou pero porque motivo a axencia tributaria fixo tres requirimentos, esa é a nosa dúbida, porque dende o primeiro requirimento non contesta o concello?



Sr alcalde: Non foi a axencia tributaria senon de protección de datos, como viu foi unha denuncia que ata tres veces lle demostramos que estaban sin funcionar, son requisistos por parte deles, se fixo coa máxima dilixencia, son procedementos que non estamos habituados, os requirimentos se contestaron como en calquer expediente, vostede tivo acceso, pero debe preguntarme cuestións que considere irregulares e non sospeitas suas, esa entidade que denunciou xa o fai en mais concellos non é unha cuestión de Vimianzo, dende que tivemos da subdelegación coñecemento que non renovaba se cortaron as cámaras.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

4º. Proposta da Alcaldía sobre a aprobación inicial da Ordenanza Municipal de Emerxencia Social do Concello de Vimianzo.

Dase conta da proposta da alcaldía de data 23 de marzo de 2016 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, na sesión do día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis:

“PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO

Asunto: Proposta da Alcaldía sobre a aprobación inicial da Ordenanza Municipal de Emerxencia Social do Concello de Vimianzo.

Visto o informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 23 de marzo de 2016, sobre a Lexislación aplicable e procedemento a seguir para a aprobación do Ordenanza de emerxencia social.

Visto o proxecto elaborado polos Servizos Municipais, de Ordenanza que obra no expediente.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por esta Alcaldía propónse a adopción do seguinte acordo polo Pleno da Corporación,

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza de emerxencia social municipal do Concello de Vimianzo e os seus anexos, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso por el Pleno. Vimianzo, 23 de marzo de 2016. O Alcalde.”

Sr alcalde: entendemos que o servizo que se presta de emerxencia social que é excepcional para atender casos excepcionais de emerxencia, familias que por un mes non pode pagar alugueiro, non ten alimentos básicos ou que non pode facer fronte a gastos médicos, e algo extraordinario, porque si é continuado a actuación ten que ser outra, incluso xente que non o entende como un usuario de Cereixo que puxo carteis para danar a imaxe do alcalde porque entende que é unha obriga do Concello, tomando como base a ordenanza do Concello de Corcubión establecemos esta ordenanza que para poder acudir a este programa hai que estar empadroado mínimo un ano para evitar que unha persoa que chega a Vimianzo aluga un piso e xa temos que pagar, hai que ter mínimos requisitos, tamén renda percapita mínima 266,25 euros si son dous o dobre, por unidade familiar, en canto os recursos económicos que non superen os 3000 euros nas distintas entidades bancarias, que non teñan propiedades inmobles notorios que solventen esa situación, non disponer mais dun coche etc, as axudas son necesidades básicas non cubertas por outros sistemas tamén un tope de 1000 euros anuais para que non se convirta noutro programa. Tamen se establece un tempo para resolver de un mes, e un procedemento a seguir sendo o pago sempre a terceiros, si é para o gas pagamos a compañía etc.

Primeiro turno

Dª Raquel Rodríguez Amigo: estou de acordo con todas as axudas que se poden dar, estou de acordo, un matiz preocupame que a decisión final recaiga na alcaldía, propoño que se faga un consenso, unha comisión onde



participemos os representantes dos partidos políticos, que podamos entre todos decidir a quen se lle da e en que condicións que non recaiga nunha soa persoa.

Sr Rodríguez Blanco: si queremos que sexa transparente e que a xente confie sería importante crear unha comisión cun representante de cada grupo e que vexamos as necesidades reais e o mellor dalas antes dun mes ante a urxencia de determinados casos

Sr alcalde: alégame que estén de acordo coa ordenanza, se fai para transparencia e obxetividade, van ser informadas por servizos sociais e os requisitos son claros, non son discrecionais, a opción dunha comisión non me parece adecuada, a lexitimade para resolver de forma ordinaria na xestión é o alcalde e as eleccións o confirmaron contundentemente, e son materias sensibles e debe gardarse a máxima discreción, aínda cando se publican e ven a xunta de goberno local, se fai con iniciais porque hai unha reserva, é unha subvención aberta as persoas con eses requisitos, ningún criterio político moral pode influir, vostedes están no seu dereito de restar valor a ordenanza pero recolle todas as demandas e non estou de acordo de consensuar estas axudas en política temos que consensuar as políticas de grupo pero non os dereitos das persoxas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con unha abstención de D. José Manuel Rodríguez Blanco e 12 votos a favor dos restantes concelleiros asistentes a sesión, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

5º. Proposta da Alcaldía sobre expediente núm. 2016/SC/01 de suplemento de crédito financiado remanente tesouraría para gastos xerais

Dase conta da proposta da alcaldía de data 21 de marzo de 2016 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamento, na sesión do día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: EXPEDIENTE NÚM. 2016/SC/01 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2016/SC/01, co seguinte detalle:

1. Aprobación de suplemento de crédito na aplicacións orzamentaria que se sinalan de seguido, por importe total de 244.970,37 € (2016/REC/03).

RESUMO POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
2	Gastos correntes bens e servizos	242.060,32
6	Investimentos reais	2.910,05
TOTAL		244.970,37

2. Financiamento:

REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	244.970,37



TOTAL	244.970,37
--------------	-------------------

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

En Vimianzo, a 21 de marzo de 2016. O Alcalde. Manuel Antelo Pazos.”

Intervencións (...)

Sr alcalde: e consecuencia da liquidación que resultou positiva para o goberno, establece os parámetros de boa xestión económica, un deles é que entre entradas e saídas. En tesourería fomos capaces de acadar ese aforro, que queremos facer o que nos permite a lei e non, permitiu a oposición no anterior mandato, tapar o burato de 200.000 arrastrado de fai anos que non se pagaron por falta de crédito, a lei o permite e o imos facer agora, podíamos facer outra maneira destinalo a outra cousa e pagar co orzamento ordinario pero significaría empezar para o ano por debaixo de 200000 euros así desta maneira se nivela o orzamento e entendemos que é a mellor solución para a situación económica do Concello.

Sra. Mouzo Maceiras: vamos apoiar porque pensamos que os provedores é importante que cobren, esperemos que non haxa nada oculto nestas facturas, vamos apoiar poque os provedores ten que cobrar.

D^a Raquel Rodríguez Amigo fai pouco que aprobamos o presuposto e agora este desvío de facturas do ano pasado que xa se sabía, como se gastan 52000 euros en proxectos de técnicos externos sumado o que se gasta no soldo dos que están aquí, no último pleno xa se fixo mención neste tema e o Sr Mancebo me dixo e que saía casi gratis, e casi 52000 gratis, non sei para que están os técnicos do Concello propoño que os proxectos e direccións de obra se leven a cabo dende o Concello, o que se destina a eventos e cultura e desproporcionado non porque non apoie a cultura, val a pena que en vez de gastarse 26000 a eventos culturais que se faga algun gasto neso pero máis para emerxencia social, é excesivo eses gastos, en calquer caso non me parece normal estar modificando o presuposto si o acabamos de aprobar,

Sr Rodríguez Blanco: as eleccións hai que pagar as obras en campaña como noutros anos, estes 244.000 euros si viñeran facer obras e cousas que fan falta como as parroquias que dan vergonza como están, en Treos fixeron unha pista que nin pasan os tractores, agora isto para estudio de proxectos técnicos agora vai darnos a razón, o arquitecto que chimpou facia todo isto, agora con estes que temos e aínda pagar 52000 e o de museos igual, e a corrente é unha animalada, quero que mo explique por iso vou absterme porque a xente ten que cobrar pero no orzamento tiñan que ir todas estas cousas, e os proxectos externos temos non sei pero si en Vimianzo hai 5 pois hai que repartir con todos si hai 5 pois repartir cos 5 porque hai técnicos que vostede non conta con eles.

Sra Rodríguez Ordoñez: Sr Antelo isto é unha preocupación, presumen desta xestión, cando o economista do goberno o Sr mancebo decía que tiña todo calculado, destas facturas de luz de maio de 2015, cómo se pagan agora, como xustifican vostedes isto, calquera sabe que cando ven a factura en maio de 2015 non se está sin pagar ata maio de 2016, xa nos dirá e explicará como o fan, agora nos din este suplemento de crédito cando xa conocean as facturas de luz, tanto como presumen dun presuposto tan ben feito, as empresas ten que cobrar, por suposto pero non se pode permitir este desastre polo Concello de Vimianzo. Os contratos externos sin xeito nin maneira a onde están pasando, aquí vamos abstermos, quero recordar que presumen de superavit achacando o pasado, sin embargo porque non manifesta o dobre de recaudación que está a sufrir Vimianzo, porque non presumen deso.



Sr Mancebo Amigo: unha vez mais a oposición mostra que non consulta os expediente, esto é difícil, non é un campo que non se controla fácil, é un documento complicado pero os técnicos municipais están a disposición da oposición e non oír estas barbaridades como suplemento de crédito chamarlle modificación de crédito, estamos modificando o orzamento, non é certo, este goberno cando chegou no 2011 tiña unha débeda casi de 3000000 euros, casa da cultura por exemplo, facturas sin recoñecer, casa cultura Baiñas, de mal asesoramento técnico etc, de eso a día de hoxe 666.000 euros solo por pagar, en catro anos, a pesar dunha oposición destructiva, que nos denunciou en todo momento en todas as institucións e xa sabedes como saíron, este documento o elaboran os técnicos non o alcalde, ven a decir, que 245.000 euros son consecuencia dunha boa xestión, no 2010 o resultado presupostario axustado era de menos 297000, cómo se consegue agora esto, é cuestión de que todo mundo paga auga que algun desta mesa non pagaba, o ibi con mais de 1000 altas, 500 contadores de auga colocados estes días, pagamos hoxe uns 20000 euros menos en seguros de vehiculos pero noutros aspectos como na santeza da Audiencia Provincial da Coruña, que pon claramente que, por exemplo o saco de cemento se incrementa nun 95%, bote pintura 221%, grúa 92%, resulta que a empresa leva de testigo e di: el bote lo vende a 11,09 y el testigo dice que en 2010 cobra a 5.20 tres anos despois, esto así con todo, os prezos se multiplican por 2 ou 3, esta era a empresa da portavoz independentes por Vimianzo, a herdeira do imperio, eu estaria calado, esta proposta é tapar precisamente este burato, as facutas de antes nos viñan mordendo o exercicio e intentamos todos os anos tapando o descuberto e empezar de cero, con esto o remanente do ano pasado e de 250000, poucos concellos o poden presentar así, con esto pagamos facturas de anos anteriores e empezamos este ano co orzamento a cero. Nin se modifica o orzamento nin hai erros de previsión senon que cumplimos dende o primeiro ano co noso programa que incluía sanear o Concello.

Dª Raquel Rodríguez Amigo di de que fecha é o documento.

Sr alcalde: non interpele.

Dª Raquel Rodríguez Amigo: Si nos interpelan a nos

Sr alcalde: Non se establezan diálogos

Dª Raquel Rodríguez Amigo: non sabe defenderse sin ir o pasado, vostedes logo, os catro anos que tiveron aquí non contan, as facturas de luz de maio 2015 non estaban aquí, é normal si non se paga que hai remanente, tontos non somos, se esta ofendendo, o documento será complicado pero os números estan aquí, o que se debe é do 2015, normal que haxa o remanente porque non se pagou cando se tiña que pagar, sigan vivindo do pasado de 6 anos atrás, e xa levan 5 sentados ahí, son os que gobernan e teñen a reponsabilidade toda e non culpen os demais, deixenos colaborar si non queren levar a culpa toda.

Sra. Rodríguez Ordoñez: me reservo para o outro punto pero decir que sabemos distinguir perfectamente suplemento de crédito e modificación de crédito.

Sr alcalde: ten razón Mancebo, non miraron o expediente, as facturas da electricidade se presentaron pola compañía no ano 2016, o problema da compañía que presentou as facturas en 2016 e non é o alcalde quen rexistra porque hai rexistros electrónicos, si se dedicaran a mirar ben os expedientes non teriamos este debate, o alcalde esconde facturas! agora non se permite, son 72000 en electricidade pero ese é o motivo e 33000 en sogama que supón o 41% dos gastos, hai un importante gasto en proxectos pero o Concello ten en carteira para executar de mais de 2000000 euros e para eso se necesitan proxectos, aprobamos o Pos e Pas e agora o Pai, é normal, temos 2 arquitectos, un terceiro o titular expedientado por facer traballos para os que non estaba autorizado, debia ser un fenomeno, sí facía proxectos, casa da cultura, mira onde estamos, casa da cultura de Baiñas, sí, informaba expedientes que agora temos que botar man porque alguen solicita licenza primeira ocupación pois nos encontramos con casos que temos que revisar a licenza de obra porque os seus informes eran como eran, como un edificio de 4 plantas e 2 baixos que se executou sin proxecto de execución, claro así se fan moitas cousas, tamén informou os Estudios de Detalle que a Xunta requeriu anular e vostedes se opuseron e nos levou a uns gastos mais grandes que proxectos externos, a herencia deste Sr a temos que quitar para adiante, do ano 2012, 2013 e 2014, esa é a explicación para os traballos técnicos, a súa opción sería renunciar a inversión. Respecto a cultura é importante, este goberno aposta por servizos transversais, e vai seguir apostando porque considera que é necesario e ahí están os espectaculos como os deste mes porque os de Vimianzo temos dereito



a disfrutar de eses espectáculos, tamen moitas facturas das que di ten que ver co mantemento da mostra, teñen ahí os datos pero non os leron, collese antes a un mentireiro que a un coxo, están ahí os datos, outra cuestión os orzamentos nunca son estupendos porque é sempre unha prevision e se acaban modificando dunha maneira ou de outra e se recolle na liquidación, este expediente era necesario porque temos ingresos extraordinarios que ven do remanente e temos que destinalo a algo, decidimos o que non permitiron vostedes estes anos, tapar o burato que nos arrastraba. Esto grazas a boa xestión do goberno están ahí as liquidacións todas con resultado positivo, teño que coller para comparar a última do anterior goberno 2010 a crise foi no 2011 cando non nos deixaban gastar, contratar xente, non subir salarios, intervir Concellos co Sr Montoro, no 2010 era ano bo entre comillas o resultado orzamentario que son os ingresos que ti dis que tes, e os gastos e fas diferencia, (enseña gráfica), no 2010 ingresouse menos do previsto casi 300000 ou se gastou mais do previsto, este ano, ingresaron 103000 mais do que se gastou remanente de tesourería depois de facer pagos e recibir ingresos, no 2010 non tiñamos, debíamos 410000 no 2015 245000 de mais, a capacidade de aforro valora si se pode acudir a financiamento externo por exemplo no 2010 non tiñamos esa capacidade casi 100000 en negativo, no 2011 non podemos recurrir a un crédito pola casa da cultura que nos boicoteou a empresa que presenta presuposto e non factura naquel momento, podemos no 2012 para pagar os 735000 e intereses a empresa que vostede se beneficiou Sra Rodriguez, estes datos son obxetivos que se comunican o estado e consello de contas, temos que recurrir a esto, outro dato, que estes días saleu respecto a pago a provedores, se paga antes dos 30 días e está na web e é moi importante, para o ano que ven facturas fora do orzamento non deberian existir ou moi poucas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con catro abstencións (D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez, D. Mario Andújar Mouzo, D.^a Raquel Rodríguez Amigo e D. José Manuel Rodríguez Blanco) e 9 votos a favor dos restantes concelleiros asistentes a sesión, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

6º. Proposta da Alcaldía sobre expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2016/REC/03

Dase conta da proposta da alcaldía de data 21 de marzo de 2016 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamento, na sesión do día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis:

“PROPOSTA DE ACORDO

Vista a existencia de dotación orzamentaria axeitada e suficiente para proceder á aprobación das facturas que se recollen na **RELACIÓN ANEXA (424 FACTURAS H/2016/2 e 147 FACTURAS F/2016/5)**, de data 14/03/2016 e 17/03/2016, e que se xuntan como Anexo, cuxo importe ascende a cantidade de **244.970,37 €**, emitidas no ano 2015 polas empresas que figuran na relación polos conceptos sinalados nas mesmas.

Emitido informe de Intervención de data 21/03/2015 e considerando o establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte, ACORDO

Primeiro.- Aprobar o expediente nº 2016/REC/03 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **244.970,37 €** a favor dos terceiros que figuran nas relacións anexa, que leva consigo o levantamento do reparo formulado pola Intervención Municipal.

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento contable para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas, unha vez aprobado o expediente de modificación de créditos 2016/SC/01, para proceder posteriormente a ordenar o seu pago. Vimianzo, 21 de marzo de 2016. O Alcalde. Manuel Antelo Pazos.”

Intervén o Sr alcalde e di que esta dado a maioría do debate e procuremos non repetir argumentos.

D^a Raquel Rodríguez Amigo: eu vou repetir



Sr alcalde: Non repita.

Dª Raquel Rodríguez Amigo: no punto 6 falou de pagos sin facturas nos anteriores governos, e digno de leer o informe de intervención temos capacidade de leer, fai o reparo de esta modificación, suplemento como quere chamar, advirtese de irregularidades na facturación, a fecha do informe é de 21 de marzo, da semana pasada, subministros que pola cuantía necesitan contrato, facturas que superan o ano impagadas, non vaiamos o da luz, hai facturas que non direi o proveedor do 31.10.2015 etc que están sin pagar, advirtese de execución de traballos sin licitación previa, existen facturas por servizos prestados superior a un ano omitindo tramites esenciais, pois debería seleccionarse o contratista, a realización de gastos sin consignación orzamentaria, están falando do pasado que había informes de intervención coas mesmas cousas, igual para este goberno, en vista de todo advirte que non se respetan partidas presupostarias, se gastan os cartos no que se considera e o ano seguinte as modificacións de crédito, presumen de superávit pero o que ten son débedas cos provedores, pode ensinarnos eses cadros moi lucidores pero o informe de intervención esá ahí, tampouco o sabemos leer?

Sr Rodríguez Blanco: neste caso quero recordar que o exalcalde está imputado por algo parecido a esto, con informe igual, vamos estudar o informe e non descarto que acabe vostede como o anterior alcalde, quen denunciou o anterior alcalde foron vostedes.

Sr alcalde pide orden

Sr Rodríguez Blanco: digo que vamos estudar o tema, o informe é demoledor e anuncio que vamos estudialo.

Sra Rodríguez Ordoñez: hai tempo que non escoito tanta mentira, como predicador é un fenomomeno. Tal como o vende marchado aturdida, tiña que presentarse como presidente do goberno, temos que ter millóns co eficaces que son, tantas mentiras predicando a súa maneira, é algo que vostede na providencia da alcaldía di, vistas as facturas, 424 con rexistro de entrada en 2015, dio vostede, fai pouco di que entraron este ano, vostede non sabe o que se gasta en luz claro, as trae aquí porque se gastaron as partidas noutras cousas, as cousas non se fixeron como deberían, cantas cousas se deixan no caixón, contenos a verdade, onde meteron os caros, houbo ano electoral, o Sr Mancebo a min non me avergonza o que me di, xa me gustaría agora ensinar as compras verbales que fixeron esa é a realidade, vostede Sr Mancebo neso é un auténtico profesional, a cultura é importante, non estamos en contra pero hai que priorizar, ver como temos as aldeas porque traballastes moito para campaña pero hai que ver como temos todo agora como a praza do concello, ese é o mantemento do que presumen. Falamos das facturas dos técnicos, intervención fai mención a irregularidades, non contratan, exceden os límites, nos enseñan unhas graficas que acabo de enamorar, as necesidades das parroquias son outras hai que ir polas portas e ver as necesidades, vironas fai un ano pero agora xa se olvidaron. Falan de accesos a expedientes, e decir, que nos temos que pedir unha tarde durante meses o que a lei nos da dereito e vostede nos da a gotitas, algún acceso nin responde, trouxo graficas maravillosas pero porque non fala do aumento de ingresos e firma unha poliza de 400000 euros, hai cousas que non entendemos. Os técnicos, de estas 424 facturas do 2015 e 147 do 2016, que compromoso ten para que Beiras faga proxectos e agora está facturando, non presumía de transparencia?, e neste listado podemos contar un nº importante facturas do Sr Beiras que teñen compromiso e o atenden perfectamente, non hai que presumir hai que obrar.

Sr Mancebo: os datos están no modelo 347 e reflexa a facturación con provedores de mais de 3000 euros, esas facturas de luz a empresa por un problema telemático o fixo fora de prazo pero o real é que temos cartos para pagar, non é o noso probema, o importante é que a maioría son de gas natural ou sogama, o da mostra non entenden nada, temos un convenio, o castello si, pero a mostra ven íntegramente dun convenio da Coruña e non o podemos destinar a emerxencia social nin a outro fin porque é unha subvención finalista. Que concello non ten que facer o final de ano un recoñecemento extraxudicial de crédito?, non pasa nada, o importante é que leves unha xestión no conxunto do orzamento.

Dª Raquel Rodríguez Amigo: preguntamos unhas cousas e responden outras, pediría que respetara a todos os presentes, quero ensinar tamen outra factura de lectura de contadores de 3000 euros a unha empresa, supoño que o recuperen con creces, eso tamén é culpa do pasado? As facturas son 2015, o informe intervención esta clarísimo, podemos leer e está claro

Sr Alcalde: non sei como explicar porque cando un non quer aprender e obstinado a que a realidade e outra cousa, mire portavoz independentes por Vimianzo, as cousas son como son, grazas por valorar os graficos, non se trata de enamorar, pero quedou fora de sitio todo o que dixi, vostede pretende alarmar e non ten nada diferente o que nos sacamos, datos, parámetros para ver que está ben a xestión ou non, non estou mintindo, vou



matizar un pouco, no 2015 e 2014 entraron facturas de fenosa e eléctricas, non se pode tramitar por un erro telemático FACE, por culpa de si facturan co nº de decimais empresas tiveron problemas como CHC non pretendo que me crea porque non son predicador son alcalde porque en política o peor é mentir, procuro axustarme a verdade, é normal que a interventora estableza reparos e observacions, son facturas que deberían pagarse o ano pasado, e si, pola herencia, quero recordarlle as veces que votou en contra, aquí estamos para construír, faga críticas e acepto, é certo o que di a Sra Interventora que hai que regularizar contratos pero leva tempo, temo que facelo con CHC que facturan sin contrato, é un obxectivo a facer este ano, outros contratos menores que vas prorrogando por dificultades de sacar os expedientes adiante, non lle vai dicir nunca que a responsable de contratación o alcalde lle paraliza os expedientes, nunca, dirá o contrario. Miren as obras, que están obras fai un ano e agora aínda licitamos, non busquen irregularidades porque non as hai, Sra portavoz do PP defenda o que quíere, o anterior goberno dentro de meses terá toda información da xestión da auga teremos unha comparecencia. A lectura dos contadores, había máis de 400 enganches que non se lian, porque quen o tiña que facer no facía e lecturas que se poñían o tuntún e cando se fixo unha lectura o 3º trimestre 2015 subiu moito porque alguen que sempre poñía 20 porque non se lia e despos o ler subía, non temos que esconder, si moito que falar e me comprometo antes do verán probablemente facer un pleno para falar de este tema. Sr. Rodríguez siga adiante ca práctica, presente as denuncias que quíere, eu puden fastidiar a Vde. e non o fixen, foi declarar como investigado pero para defenderme porque me acusou de chantaxe e tuven que denunciar, non lle vou a permitir que convoque os medios e dicir que son chantaxista e lle dixen que rectificara pero siga adiante coas denuncias, sabe en que acabou todo este tema, a xente non quer denuncias, a xente quer que aporte propostas que aínda falta a primeira, e como non ten como rebatir vai denunciar pero dedíquese a picapleitos e non a política, porque a política é construír. Moito barullo e poucas noces. Estou satisfeito da xestión económica, e agradecido os provedores que cobran antes de 30 días e algún que porque non había crédito esperaron tamén unha admiración e orgullo e este mes vamos saldalo, por certo non hai facturas que leva máis dun ano.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dúas abstencións (D^a. Raquel Rodríguez Amigo e D. José Manuel Rodríguez Blanco), dous votos en contra (D^a Mónica Rodríguez Ordoñez, D. Mario Andújar Mouzo) e nove votos a favor dos restantes concelleiros asistentes a sesión, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

7º. Proposta da Alcaldía sobre modificación da Ordenanza Fiscal núm. 8 reguladora do imposto sobre bens inmobles

Dase conta da proposta da alcaldía de data 1 de marzo de 2016 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamento, na sesión do día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 8 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

O artigo 64.3 RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, recolle a posibilidade de que os Concellos aproben unha exención para os bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados o cumprimentos dos fins específicos dos referidos centros.

Visto o informe conxunto de secretaria e intervención emitido en data 26.02.2016, sobre a proposta de modificación de dita ordenanza, proponse ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 8 reguladora do Imposto sobre bens inmobles, variando a redacción do seu artigo 4º, que quedaría da seguinte maneira:

“Artigo 4

De conformidade co previsto no artigo 64.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, gozarán de exención os bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados o cumprimetro dos fins específicos dos referidos centros. Esta exención será rogada, e surtirá efectos a partires do momento da súa concesión. Na solicitude deberá facerse constar a relación de bens afectados, a súa finalidade, o



seu grao de afección –mediante certificación do órgano competente da Administración titular do mesmo-, e o período de afección do mesmo.

De conformidade co previsto no artigo 64.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, gozarán de exención os inmobles rústicos e urbanos nos que as cotas líquidas non superen as seguintes contías:

a) Quedarán exentos os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha contía líquida inferior ou igual a 3,00 euros.

b) Quedarán exentos os bens inmobles de natureza rústica dun mesmo suxeito pasivo sitos neste municipio que teñan unha cota líquida agrupada segundo o previsto no artigo 77.2 da referida lei inferior ou igual a 3,00 euros.”

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación da exención, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, e darase conta do acordado ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

TERCEIRO.- Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se insertará no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

CUARTO.- No caso de que non fosen presentadas alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vimianzo, 1 de marzo de 2016. O Alcalde. Manuel Antelo Pazos.”

Intervén o **Sr alcalde**: esto é consecuencia de transferir o centro saude unha das condición é esta.

Sra. Mouzo Maceiras: estou de acordó totalmente.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

8º. Proposta da Alcaldía sobre recoñecemento da bonificación do 95% da cota do ICIO solicitado por D. Manuel Sendón López

Dase conta da proposta da alcaldía de data 10 de febreiro de 2016 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamento, na sesión do día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis:

“PROPOSTA DE ACORDO

Visto expediente instado por Manuel Sendón López, solicitando a bonificación do 95 % da cota do ICIO, en base ao establecido no apartado terceiro do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 25 do 5 de febreiro de 2013.

Considernado que nas obras que se pretende realizar (“construción de estabulación libre de gando sita en Vilaseco-Castro”) concorre un especial interese municipal, por existir circunstancias sociais que determinan a necesidade de que no actual entorno de crise se apoie ao sector primario dalgún xeito, dado o recorte progresivo que se está a producir na marxe de beneficio que deriva das actividades agrícolas e gandeiras. Tendo en conta ademais o carácter eminentemente rural do noso concello, e que o sustento de moitas familias deriva das rendas obtidas pola realización deste tipo de actividades, esta alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO; Recoñecer a Manuel Sendón López, unha bonificación do 95 % da cota do ICIO, recoñecendo o especial interese municipal das obras a realizar,

En Vimianzo, a 10 de febreiro de 2016. O Alcalde.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.



9º. Proposta da Alcaldía sobre aprobación definitiva da cesión gratuíta ao Sergas do edificio destinado a centro de saúde, situado na rúa Rosalía de Castro, 1, Vimianzo

Dase conta da proposta da alcaldía de data 22 de marzo de 2016 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, na sesión do día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación definitiva da cesión gratuíta ao SERGAS do edificio destinado a centro de saúde situado na rúa Rosalía Castro nº1 de Vimianzo.

Visto expediente de cesión gratuíta ao SERGAS do edificio do edificio destinado a centro de saúde situado na rúa Rosalía de Castro, nº 1 de Vimianzo (A Coruña), cunha superficie de 645 m², e da finca finca correspondente con referencia catastral nº7333902HM9773S0001SW, que foi aprobado inicialmente na sesión plenaria do 31/03/2012.

Tendo en conta que o antedito expediente foi sometido a información pública, por un período de vinte días, logo da publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, núm.71, do 16/04/2012 e que segundo consta no informe da encargada do rexistro municipal, de data 30/05/2012, non consta que se presentaran reclamación ao respecto do expediente.

Tendo en conta, que entre a diversa documentación patrimonial que o Concello debe remitir ao SERGAS para a cesión do centro de saúde de Vimianzo, precisase o compromiso de modificación das ordenanzas fiscais municipais conforme, o centro de saúde, quedará exento do IBI.

Visto canto antecede, esta Alcaldía, previo ditame da Comisión informativa permanente de Obras e Urbanismo, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o expediente de cesión gratuíta ao SERGAS do edificio do centro de saúde do Concello de Vimianzo, de carácter patrimonial, situado na rúa Rosalía de Castro nº1 de Vimianzo, cunha superficie de 645 m², e da finca correspondente con referencia catastral nº 7333902HM9773S0001SW, de 981 m² de superficie.

Segundo.-Comprometerse a modificar as ordenanzas fiscais municipais para que o centro de saúde quede exento do imposto de bens inmobres (IBI).

Terceiro.-Comunicar este acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia aos efectos de que polo órgano competente manifeste a súa conformidade á cesión gratuíta; e á Consellería de Presidencia aos efectos do artigo 109 do RBEL.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais correspondentes.

Vimianzo, 22 de marzo de 2016. O alcalde. Manuel Antelo Pazos.”

Sr alcalde é para que a xunta asuma o centro.

Sra Mouzo Maceiras: esta aprobación xa se iniciou no anterior goberno socialista, neste caso quero aproveitar como en forma de enmenda habería que estudar tamén que asumirá os gastos dos colexios de Baiñas e Vimianzo, está na lei de Montoro, xa que os centros son de educación que asuman tamén os resto dos gastos.

Sra Rodríguez Ordoñez: estou de acordo con este tramite pero hai detalles como a continuidade dos traballadores, si a xutna se fará cargo, certos matices que non quedan claros e recabar consulta, que se fixeran cargo tamen do pesoal.

Sr alcalde: Tomo nota, este expediente aprobouse o 31 de marzo de 2012.

Sra. Mouzo Maceiras: pero estudioso antes, bueno pero nos iniciamolo.

Sr alcalde: quero entender o que di, que lle parece ben, é unha alegría para nos e comparto con vostede este tema, falamos de cesión, a maioría dos traballadores son do sergas do resto solo hai unha traballadora nosa que limpa no centro de saude, pero non sei si o Segas quer que pase, non sei a formula, si fara un concurso ou traslado porque son entre distintas administracións, si é posible, que non sei, e estou de acordo que tamen



deberían facerse cargo dos edificios de educación, que supón un gasto importante onde estamos colaborando en cousas que non fai a consellería porque saíu unha noticia da consellería de implantar banda ancha pero aquí quen levou a fibra óptica o colexio fomos nos porque si non o faciamos a xunta tampouco, pero como queremos que os rapaces non perden a oportunidade de por en marcha o plan para navegar a gran velocidade, o meu compromiso fíxose.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

10º. Proposta da Alcaldía relativa a toma de razón da Sentenza núm.0812/2015, dictada o día 23/12/2015 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e anulación, en consecuencia da mesma, do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións, rasantes e ordenar os volumenes edificables das fincas Prado do Muíño e Daquela Banda-Vimianzo, no lugar de A Piroga (Bamiro).

Dase conta da proposta da alcaldía de data 23 de marzo de 2016 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, na sesión do día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Proposta da alcaldía relativa a toma de razón da Sentenza núm.0812/2015, dictada o día 23/12/2015 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e anulación, en consecuencia da mesma, do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións, rasantes e ordenar os volumenes edificables das fincas Prado do Muíño e Daquela Banda-Vimianzo, no lugar da Piroga (Bamiro).

Visto o expediente tramitado, a solicitude de D.José Manuel Vila Blanco, en representación de “Herdeiros de Antonio Martínez Prego”, para a aprobación dun estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e rasantes e ordenación de volumenes nas fincas “Daquela Banda” e “Prado do Muíño”, no lugar da Piroga (Bamiro), redactado polo arquitecto D.Manuel Torres Luaces; que foi aprobado definitivamente na sesión ordinario do Pleno do Concello de data 27/11/2010.

Na data do 23 de novembro de 2012 (RE 8666) a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, require a este concello para que “ó abeiro do disposto no artigo 92.5 da LOUG, anule, no prazo máximo dun mes, o acordo do Pleno de data 27 de novembro de 2010”; Posteriormente, o Concello, en sesión plenaria, de data 26/01/2013, acordou rexeitar a a declaración de anulación do referido estudo de detalle.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, interpuxo recurso contencioso-administrativo contra o acordo plenario de data 27/11/2010 (Procedemento ordinario 0004150/2013, NIG 15030 33 3 2013 0016989).

Na data do 23/12/2015 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación ao procedemento indicado, dictou Sentenza núm.00812/2015, que no seu FALLO, indica: *“Estimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras contra el acuerdo del Ayuntamiento de Vimianzo indicado en el primer fundamento de esta sentencia, y lo anulamos por ser contrario a derecho. Se imponen a la Administración demandada, con el límite señalado, las costas del recurso.*

Esta sentencia es susceptible del recurso ordinario de casación, que habrá de prepararse mediante escrito a presentar en esta Sala en el plazo de diez días.

Firme que sea la presente, devuélvase el expediente administrativo al Centro de su procedencia, junto con certificación y comunicación.

Así lo pronunciamos, mandamos y firmamos.”

Visto o decreto de data 22/03/2016, do TSX de Galicia emitido en relación ao P.O. 0004150/2013-E, no que se declara a firmeza da sentenza e requirindo a esta Administración para que no prazo de dez días a faga efectiva.



Visto canto antecede, esta Alcaldía, previo ditame da Comisión informativa permanente de Obras e Urbanismo, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da Sentenza núm.0812/2015, ditada o día 23/12/2015 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación ao procedemento ordinario 0004150/2013, contra o acordo plenario deste Concello de data 27/11/2010, pola que se declara nulo por ser contrario a dereito o estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e rasantes e ordenación de volumes nas fincas “Daquela Banda” e “Prado do Muíño”, no lugar da Piroga (Bamiro), redactado polo arquitecto D.Manuel Torres Luaces; que foi aprobado definitivamente na sesión ordinario do Pleno do Concello de data 27/11/2010.

Segundo.-Declarar a nulidade do estudo de detalle, consecuencia desta sentenza, para o sinalamento de aliñacións, rasantes e ordenar os volumes edificables das fincas Prado do Muíño e Daquela Banda-Vimianzo, redactado polo arquitecto D.Manuel Torres Luaces e promovido por D. José Manuel Vila Blanco, en representación de Herdeiros de Antonio Martínez Prego, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vimianzo o 27 de novembro de 2010, en execución de Sentenza número 00812/2015, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Terceiro.-Notificar este acordo aos interesados.

Cuarto.-Comunicar o presente acordo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Vimianzo, 23 de marzo de 2016. O alcalde. Asdo: Manuel Antelo Pazos.”

Sra. Mouzo Maceiras: neste caso xa naquel momento se abstuvo eu so decir que temos a copia do tramite e que neste pleno cada dous por tres se sacan que si vas denunciar, si denuncias aquí, ala, quero reprender a calquer membro porque os gastos quen os pagan son os cidadans eu estou cansada de ver estas cousas e na rúa igual.

Sra Raquel Rodríguez Amigo: contra unha resolucio xudicial nada que opinar

Sr Rodríguez Blanco: aqui a postura foi polo capricho que tiña usted nunha vivenda en Baiñas, sabe que o que nos quixemos que fora para adiante foi por unha Sra en Baiñas, sabe que foi por esa causa.

Sra Rodríguez Ordoñez: fixen consulta na comisión e queria saber si se aclara agora, si cabe abstencións.

Sr alcalde: renuncia debate?

Sra Rodríguez Ordoñez: Quero consultar antes de debate que non significa que vai absterme.

Sr alcalde pregunta a secretaria si se pode votar en contra, interrompe Sra Rodríguez Ordoñez e di abstención, eu contesto que supoño que si o que non podería en caso algún é votar en contra.

Sra Rodríguez Ordoñez: non teño nada en contra, foi moi debatido non teño interés algún, entendo que nun tema urbanistico debería ter mais precaucións, contra esto non imos ir porque é unha resolución xudicial pero deberíase se mais cautos coas decisións

Sr alcalde: Eu flipo, que pidan cautela, esto é ir contra a Xunta de Galicia non contra o goberno, o goberno dixo que era razonable pero como estabamos en minoria e había que fastidiar votouse en contra, quen promoveu ese follón agora pide cautela, un informe da xunta que pide que anulemos esto ou informe xurídico o normal é que lle fagamos caso, non presentaron nada e decidiron que o concello se metese nun xuizo estou de acordo coa portavoz do Psde pero o Psde tamén estivo, so o avogado cobrou mais de 9000 euros pero o de Baiñas non estimou o recurso por extemporaneo pero cobrou 4800 por certo compañeiro seu do partido, do PP e por este 4815 e neste, o xuíz tiralle das orellas, por ir contra o concello, que o diga Vde. É un escandalo, unha vergoña, non vale todo, non se trata de fastidiar senon de facer o mellor posible, pero si temos mais diferencias co PP que ninguén e aínda así non miramos dende a óptica ideolóxica pero vostedes adiante adiante e agora temos esta situación, reunións coa conselleira que me deixaron so, non se atreveron a vir despos de pedilo e pensei que como iban as cousas nos últimos plenos pero teño que decirlle todo esto e espero que se poñan colorados porque eu morrería de vergoña.



Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións (D^a. Raquel Rodríguez Amigo e D. José Manuel Rodríguez Blanco, D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez, D. Mario Andújar Mouzo e D^a Paula Mouzo Maceiras) e oito votos a favor dos restantes concelleiros asistentes a sesión, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

11º. Proposta da Alcaldía sobre ratificación das resolucións da Alcaldía polas que se aproban varios proxectos (corrección de erratas) incluídos no PAS 2015.

Dase conta da proposta da alcaldía de data 22 de marzo de 2016 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, na sesión do día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Ratificación das Resolucións da Alcaldía polas que se aproban varios proxectos (corrección de erratas) incluídos no PAS 2015

Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía polas que se aproban varios proxectos (corrección de erratas) incluídos no Plan de Acción Social (PAS) 2015, logo de ser requirida a subsanación de deficiencias por parte da Deputación provincial da Coruña:

-Resolución da alcaldía núm. 280/2016, de 01/03/2016, pola que se aproba o proxecto de “*Melloras no sistema de saneamento do concello de Vimianzo*” (corrección de erratas), redatado polo enxeñeiro técnico industrial D.Martín Lema Pose.

-Resolución da alcaldía núm. 281/2016, de 01/03/2016, pola que se aproba o proxecto de “*Arranxo do polideportivo de Vimianzo e cubrición de ámbito anexo*” (corrección de erratas), redatado polo arquitecto D. Maximino Manuel Aguiar Baña.

-Resolución da Alcaldía núm. 282/2016, de data 01/03/2016, pola que se aproba o proxecto de “*Arranxo da casa de cultura de Vimianzo*” (corrección de erratas), redatado polos arquitectos D.Emilio Argiz Vázquez e D.Manuel Barcala Iglesias.

-Resolución da Alcaldía núm. 330/2016, de data 11/03/2016, pola que se aproba o proxecto “*Rehabilitación do centro social-escola unitaria de Carantoña e equipamento de parques infantís en Carantoña, Tines e Pasarela*”
A Deputación esixe que se ratifiquen as resolucións polo Pleno

Visto canto antecede, esta Alcaldía, previo ditame da Comisión informativa permanente de Obras e Urbanismo, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ratificar as resolucións da alcaldía núm. 280/2016, de 01/03/2016, núm.281/2016, de 01/03/2016, núm. 282/2016, de 01/03/2016 e núm. 330/2016, de data 11/03/2016.

Segundo.-Dar traslado deste acordo á Deputación provincial da Coruña, a través da plataforma Subtell. Vimianzo, 22 de marzo de 2016. O alcalde. Manuel Antelo Pazos.”

Sr alcalde son corrección de erratas, non cambian obras nin partidas, unicamente o traemos porque o establece a circular que se nos remitiu.

Sra. Rodríguez Blanco: simplemente matizar, noutros casos eran tonterías pero aquí as correccións da deputación me chaman a atención porque nun caso falta o cálculo da estrutura da cuberta pero nos outros casos son erros dos presupostos do proxecto, dous proxectos de volta porque hai erros no orzamento.

Sr Alcalde: non hai modificación substancial, Vde sabe supoño, que os arquitectos usan varios programas e o calculo con un ou outro programa se equivocan, hai un erro nuns céntimos e así, e moi habitual non ten que ver cunha redución dun orzamento dunha partida concreta senón co mero cálculo por exemplo que ive faltan céntimos.



Sra Rodríguez Blanco: nun concreto non se sabe o importe do orzamento e faltan prazos de execución, clasificación do contratista, esto non é un erro puntual.

Sr. Alcalde: o do prazo pode ser habitual, as persoas dilixentes a veces revisan pero outras non, o prazo ten que estar, pero repito que é por usar diferentes programas, foi un erro e non ten nada que ver coa variación, non se varía o prazo de execución, son erros materiais e non substanciais.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control

12º. Comunicados oficiais.

Non hai comunicados oficiais.

13º. Dación de conta da liquidación do orzamento do exercicio 2015.

Dase conta da Resolución da Alcaldía Nº 369/2016 de 21 marzo

Da palabra o Sr alcalde á Sra interventora di que a liquidación aprobouse por resolución da alcaldía e arroxou un resultado orzamentario axustado de 103.636,35 e un remanente de tesourería para gastos xerais de 245.649.79. Quedan enterados.

14º. Dación de conta da xustificación da dotación económica aos grupos políticos, ano 2015

Quedan enterados.

15º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia, isto é, dende resolución núm. 111, do 28/01/2016 e da resolución núm. 1 do 04/01/2016 ata a resolución núm. 389, do 29/03/2016.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

16º. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

O Sr alcalde da a palabra a Sra Interventora e di que dase conta da Resolución da Alcaldía 296/2016 pola que se aproban os marcos orzamentarios e cumpriuse coa obriga dos envíos trimestrais. Quedan enterados.

17º. Mocións.

O Sr alcalde di si alquen presenta mocións

Intervén Sra Mouzo Maceiras e di que si.

O Sr alcalde di que xustifique a urxencia.

Sra Mouzo Maceiras: presento unha moción para instar a incluír a vacina que xa levamos demandando para incluíla no calendario das vacunas, que xente se ve obrigada a ir a Portugal, consideramos que debe ser obrigatoria e a Xunta teña unha responsabilidade cos nosos rapaces por eso a traemos.

Sr Alcalde o noso grupo vai apoiar a urxencia e a moción

Sométese a Urxencia a votación resultando ratificada por unanimidade dos presentes.



Sra Mouzo Maceiras e explica que se trata de instar o Goberno de España para que curse orde o Ministerio de Sanidade e a Xunta de Galicia a incluír a vacina contra a meninxite B no calendario vacinal e para o caso de que o Ministerio de Sanidade non acepte a inclusión inmediata instaure unha nova experiencia piloto coa implantación da vacina da meninxite B.

Sométese a votación a moción e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

Sra Mouzo Maceiras: outra onde queremos que dende o concello se traballe mais para poder axudar a unha creación de emprego en Vimianzo e non teñamos que emigrar, xa chega ver os últimos datos casi 4000 e pico, pido propostas e solución para mover o polígono e fomentar e crear emprego.

Sr alcalde: xustifique a urxencia.

Sra Mouzo Maceiras é urxente polo índice de paro importante e considero que dende o pleno temos que apoiar.

Sr Alcalde estamos preocupados polo emprego, estamos traballando neso, entendo que non procede.

Sométese a votación a urxencia e non resulta aprobada por 8 votos en contra do grupo político BNG e 5 votos a favor dos restantes concelleiros asistentes a sesión.

Sr Alcalde pregunta si hai mais mocións e non se presentan.

18º. Rogos e preguntas.

Sra Mouzo Maceiras: comenzó por rogos

1. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se leve a cabo a creación dunha Ordenanza destinado a porlle valor as visitas que reciben os nosos lugares de interese turístico tales como Os Batans ou O Castelo de Vimianzo, permitindo o cobro de "simbolico" da entrada ou acceso os mesmos.
2. Rogase ao Concello de Vimianzo a que se confeccione e implante un Regulamento para a participación cidadán nos plenos ordinarios, para que tanto veciños/as como colectivos poidan intervir tanto nos puntos nos que se vexan afectados coma nos rogos e preguntas, estudando o número de intervencións e o tempo das mesmas. Queremos conseguir con este que os veciños sexan protagonistas e coparticipes na xestión municipal.
3. Instamos ao Concello de Vimianzo que se celebre a Comisión de Benestar, xa que, dende que comezou esta lexislatura en Maio do pasado ano, non se celebrou ningunha, cando aquí en Vimianzo sempre foi fundamental velar polos servizos de Benestar para o pobo. E mais agora que se coñece o problema que están tendo as auxiliares a domicilio, SAF. E truste ebterarse que se estan recortando horas, habría que darlle solución e contar con toda corporación.
4. Instamos ao Concello de Vimianzo que se amplie o horario de maña no ximnasio municipal, para que moitos veciños/as poidan ir cedo xa que o seu horario laboral non lles permite poder ser usuarios do mesmo a día de hoxe.
5. Rogase ao Alcalde, que cando haxa algun acto no noso concello llo faga saber a opoción, esta semana Santa abrironse Os Batans, O Castelo, mesmo onte houbo a primeira Gala do deporte, lémbrolle que o concello é de todos non so do BNG, os veciños/as de Vimianzo teñen dereito que os seus representantes, sexan da cor que sexan estén aí.
6. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se teña en conta a petición dos veciños/as da parroquia de Berdoias e que nun futuro próximo o servizo de Saneamento sexa unha realidade tan necesaria.
7. No lugar de Grixoa (Berdoias), hai dúas pistas, unha no Campo de Grixoa e a outra que vai dende Grixoa As Travesas, estas pistas son de tránsito diario tanto de animais como de vehículos que acceden as fincas, ante a necesidade de limpeza das tajeas e como sucede na pista do Campo ou cubrir un bache de grandes dimensións que existe de Grixoa As Travesas. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se teña en conta a petición dos veciños/as do lugar de Grixoa (Berdoias) e se acondicione a pista que vai dende o Campo de Grixoa mellorando as zanjas dos bordos e que se arranxe e se tape o bache que hai na pista de Grixoa – As Travesas con pedra, permitindo o tránsito por estas pistas veciñais e de servizo.

8. Na parroquia de Berdoias, os veciños/as cada vez que hai un enterro teñen que acceder o cemiterio pola comarcal AC-552, co perigo que esto conleva, estes presentan unha alternativa que vai dende a igrexa o cemiterio pasando por unha pista que transcurre por debaixo da AC-552. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se teña en conta a petición dos veciños/as da parroquia de Berdoias e que nun futuro próximo se acondicione un acceso o cemiterio parroquial que pase por debaixo da AC-552, mellorando e acondicionando a pista que xa existe actualmente. Así mesmo instase ao mesmo tempo que se melloren ou rematen as seguintes pistas:

A que da acceso dende Feans a carretera de AC-441.

A pista de Chandas da Casa Nova que une con Castrelo.

A Pista que vai dende o Val da Casa Nova a casa do Clarito

9. No lugar de Grixoa (Berdoias), hai unha zona xunto o merendeiro, no Campo de Grixoa, na cal os veciños indican que é o sitio ideal para a instalación dun parque infantil. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se teña en conta a petición dos veciños/as do lugar de Grixoa (Berdoias) e se instale un parque infantil no Campo de Grixoa, nun futuro próximo que de servizo os nenos e nenas da zona.
10. No lugar de Grixoa (Berdoias), xusto no centro do lugar existe unha zanja para a evacuación das augas pluviais, que debido o seu deterioro, cada vez que chove estas augas en vez de ir polo seu cauce normal acaban entrando nunha vivenda particular. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se teña en conta a petición dos veciños/as do lugar de Grixoa (Berdoias) se reconstrua de novo esta zanja e se desvien estas augas das vivendas afectadas.
11. En Calo, o camiño do Vadelama que leva a capela de Castroboxan estase desfacendo, e imposibilita o tránsito tanto de peons coma de vehículos, ademais de que os arranxos do entorno de Castroboxan foi unha promesa que levou o BNG no programa electoral. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se leve a cabo canto antes o arranxo destes baches profundos con cachote ou pedra machacada e se facilite o tránsito pola pista dos veciños da parroquia, e que se poida celebrar a procesión do 14 de Agosto que por ali transcurre.
12. En Pasarela (Calo), a pista que une co lugar do Foxo e Torelo, pola que transitan todo tipo de vehículos, xa que é un importante enlace entre Pasarela e a AC552 na súa saída a Costa, contando que por ela se accede a un aserradeiro, unha piscifactoria e unha central eléctrica, vemos que cos anos e debido a que as raíces dos pinos están invadindo por debaixo da carretera, esta estase deteriorando moito. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se leve a cabo canto antes os trámites necesarios para que esta vía de unión, se asfalte en condicións e se mellore para favorecer o tránsito diario de todo tipo de vehículos privados e comerciais ou de empresa que por ali pasan.
13. Dende Tines ao lugar de Reparada (Salto), transcurre unha pista forestal de unión dende a Cruz de Tines a reparada, unha vía moi utilizada para acceso as fincas veciñais, esta pista co paso dos anos estase a encher de baches, estes ben localizados, algúns que apenas permiten o tránsito normal dos vehículos. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se leve a cabo canto antes o arranxo destes baches profundos con cachote ou pedra machacada e se facilite o tránsito pola pista dos veciños destas dúas parroquias Tines e Salto.
14. O vial que une a Devesa e a Casiña con Carnés CP-9202 (Ver foto) é usado moi a miúdo ou tódolos días para ir e vir de Carnés, o que está a provocar unha grave situación de seguridade para os veciños destes lugares, debido a inexistencia de beirarúas ou sendas peonís, ademais quero recalcar a existencia de perigo por derrumbe do terraplenado de 3 metros a man esquerda dirección Carnés. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se asfalten os 600 metros de pista que transcurre paralela a CP-9202 que une ao lugar da Devesa co lugar da Casiña (ver foto), mellorando o seu firme de maneira que nenos e adultos non corran risco de lesionarse por unha caída ou ser vítimas de atropello, e o mesmo tempo facilitar o acceso ao parque infantil e o río que por ali transcurre. Sendo esta unha proposta alternativa a unha senda peonil.
15. No lugar do Mouzo (Carnés) hai un problema importante coa desenvocadura dos saneamentos nos regos da Regueira e O Rego, xa que ali non existe depuradora de ningún tipo, estes transcurren por ambos dous regos desenvocando no Río do Mouzo, ao mesmo tempo que nos días de sol as casas dos veciños vense envoltos no cheiro e os insectos que trae esta situación. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se



derive antes do verán estas canles a onde lles corresponde, na depuradora do Mouzo, esta proposta faise en base ao coñecemento da proximidade da mesma.

16. En Pasarela, a pista que une co lugar do Foxo e Torelo, pola que tranitan todo tipo de vehículos, xa que é un importante enlace entre Pasarela e a AC552 na súa saída a Costa, contando que por ela se accede a un aserradeiro, unha piscifactoria e unha central eléctrica, vemos que cos anos e debido a que as raíces dos pinos están invadindo por debaixo da carretera, esta estase deteriorando moito. Instamos ao Concello de Vimianzo a que se leve a cabo canto antes os tramites necesarios para que esta vía de unión, se asfalte en condicións e se mellore para favorecer o tránsito diario de todo tipo de vehículos privados e comerciais ou de empresas que por alí pasan.
17. Na parroquia de Tines, unha pista das mais transitadas polos vecios é a chamada Camiño do Regueiro, esta o seu paso dende a casa de David ata a canteira está nun estado intransitable tanto a pe como para os vehículos. Instamos o Concello de Vimianzo a que se leve a cabo canto antes o arranxo desta pista asentando o firme con pedra e levantar as zanjás que necesita a ambos os dous lados, incluso a reposición de tubos de evacuación que necesita.

PREGUNTAS:

1. MONTES MILLEIRA E GORREIS; ¿Ten noticias alcaldía dende o Consorcio? Mandaron algunha proposta ou comunicado que permita unha solución xa! a este conflito? Gustaríame ter acceso os expedientes deste tema

Sr alcalde hai que racionalizar un pouco non e cuestión de chegar aquí e... seguirei poñendome en contacto e estamos pendentes, a inmesa maioría de baches hai que esperar a primavera e actuar, tomamos nota, tamén do saneamento, o lóxico é que se solicite polo veciños, o que non pode facer o Concello de Vimianzo e asumir verquidos ilegais de veciños, no Mouzo existe saneamento, si algun veciño fai verquido ilegal está facendo unha ilegalidade, non se pode verter para auga-

Sra Mouzo Maceiras sabe de que lugar falo.

Sr alcalde: Eu si non sei vostede, eu lle digo que o concello non pode asumir verquido ilegal de alguén, senda peonil, tamén, xa sei que é moi transitada de carnes a bouza, xa sei, e que tamén na devesa necesitarían pero haber que aclararse, poñemos contra os muros de contención encima da carretera, ou noutro lado, si os veciños nos recollen sinaturas onde ceden o traballaremos.

Sra Mouzo Maceiras Puntualizo

Sr alcalde: Non puntualice nada, ten que decilo antes.

Sra Mouzo Maceiras Xa llo dixen

Sr alcalde: Deixeme rematar, vexo necesaria a senda, hai unha dificultade nunha marxe pq estan os muros de contención e a casiña a zona da devesa non nos parece adecuada con ese fin, pode que haxa que poñer pavimento menos rugoso de feito foi un intento que se fixo pero por agora asfaltar eso non é so malgastar os cartos porque será para que pasen os coches pero non os peóns. Me consta que as actividades que organiza o concello se invita a oposición por correo electrónico, pudo haber unha equivocación, na gala estubo, e enterouse como todo o mundo, preguntarei o motivo, vostede pretende que cobremos por cobrar no Castelo.

Sra Mouzo Maceiras Un cobro simbólico

Sr Alcalde como non planteou nada concreto, creo que non hai que cobrar un euro para evitar que a xente faga as necesidades, si esa é a súa preocupación, en fin, no patrimonio estamos traballando, o problema das arbores nas beiras da carreteras incumprindo normativa é abundosa, o goberno intenta que se limpen esas franxas e o seguinte obxectivo será que non se plante, unha estrada que poderíamos arranxar, todo se estudiará.

Sra. Rodríguez Amigo:

ROGOS:

1. Rógolle por algo que saiu aquí hoxe, que non mencione a xente que non está aquí, rógolle que si fai unha mención que estea a persoa diante. Somos varios grupos e rogarialle que conte con nos e en que momento podemos facer propostas e que vostedes as teñan en conta. Que haxa transparencia, encheselle a boca con transparencia, igualdade, fixo un discurso onte comparando o deporte coa política, dixo que é



un exercicio de equipo, gustaríame que nese exercicio tivera en conta que aquí tamén é un equipo, en definitiva representamos a unha veciñanza, deixenos falar, opinar e ter en conta as nosas propostas, preguntas.

PREGUNTAS:

1. Que pasa cunha empresa que marcha e deixa 40 postos de traballo, e os leve a outro lado. Que pasa porque levan cinco anos aquí, despedese a xente, externalizar servizos, é alarmante o do saf, teñen queixas do saf, expoñanas, porque se está facendo unha persecución e a outros empregados do Concello, empecen por ser transparentes, porque sempre en lios con funcionarios e traballadores do Concello, non se me queixa nadie dos servizos do Concello. Que está pasando porque nos que vivimos tamen no concello, non vexo a problemática no Concello, mete culpa a todo, os contadores culpa de alquien, entón que fan ahí, que esta pasando. Quero saber porque esa empresa se vai?

Sr alcalde: Que empresa?

Sra Rodríguez Amigo: Non vou decir nomes, induplan, porque non se facilita, hai mas problemas con establecementos con licenzas, porque se revolve todo, porque se volve a xente en contra do concello, cal é a revolución que hai aquí?

Sr Alcalde que sepa non faltei o respecto, dio polo abogado Manuel Antelo Trillo, que cobrou nove mil e pico euros, son datos obxetivos, a min daríame vergonza, non me censure, a xente terá que sabelo e non e necesario que me pregunten, a xente ten que saber, ninguen calificou de nada a este Sr. Vostede faga como Roque, vaia o xulgado, me acusa de persecución e modérese, a vostede escollerona para facer propostas e non para esto, o alcalde non vai dirixir a súa política, enton xa será tremendo.

Sra Rodríguez Amigo: O da persecución é publico unha noticia pública

Sr Alcalde é normal que este preocupada ten unha cuñada ahí, hai que sacar as cousas particulares, levamos tres horas de plenos, si non chegamos a deixar falar pedimos catering, induplan me dixo que marcha para o parque de carballo, dixen que me preocupaba, fixen todo o posible, se marcha e preguntelle o seu partido, SEA gobernada por PP a traves do Ministerio de Economía e Facenda e Xunta de Galicia, con esa empresa comparecin diante do xerente cunha propostota importante de expansión, o Consello de Administración nin presentou o proxecto da empresa, preguntelle a Diego Calvo, como eu a Feijo e diralle porque en Carballo e mais barato, temos que rebaixar o prezo, Feijo dixome, pero o alcalde de carballo está contento, pois nos non, induplan resultalle imposible no parque de vimianzo e despois de presentar un proxecto, que nin se dignaran a presentalo ante o consello de administración. O do SAF vou decirlle varias cousas, con datos, que é o obxectivo, non por sentimentos, primeira cuestión hai que pagar polo traballo non por non traballar, eu me indigno como traballador de cobrar por non traballar, temos 7 auxiliares do saf que se contrataron en fraude de lei, o din elas nun escrito, todos sabemos como se contrataron e me remito a portavoz do PSOE non fai moito tempo, en 39 meses o promedio de horas efectivas con dependentes e de 594,5 horas o mes 148 a semana, resulta que estas son as efectivas as 160 con 4 auxiliares a xornada completa xa sei que hai que contemplar desprazamento, catro auxiliares serán suficientes, (ensina gráfico), estamos contentos de que este mes incrementemos 100 horas respecto o mes anterior, non se reducen horas no servizo, estamos contentos que se aumenten horas despois de reducir as xornadas, o problema xurde cando os dependentes de grado 3 tiñan 8 horas porque firman un papel que din que renuncian o resto, no me cabe na cabeza, esto nos trae problemas de financiamento, o Sr Feijo me pode decir non cubre as horas, pois si, este traballo é vocacional, eu admiro quen taballa coas persoas maiores, non é un horario de oficina, haberá que atender nos seus horarios, non nos parece que se esté xestionando ben o tema. Xa lle dixen a xefa de servizo que despos da redución da xornada aumentarán as horas estaba contento, este Concello presta menos co concello de corcubión que ten menos tamaño. Vamos aumentar o número de horas pero distribuir os horarios en función das necesidades dos usuarios, algo normal, resulta que si o promedio e menos de 700 horas significa 100 o mes con 7 traballadoras teremos que axustar a xornada, falo con elas e lle digo que non se trata que as persoas maiores renuncien as horas, eso e o que pasa, este goberno, cando detectou o problema tivo reunións, estes datos non os inventa o alcalde, fixemos reunións, unha coas traballadoras, dixemos o problema, tendo en conta o promedio de 594.5 que se cubria con 4 auxiliares, entendendo que non hai que forzar as quendas, con 5 sobran para o servizo, temos tres propostas, despedir a duas reducir a xornada a catro ou a sete, demos un tempo, non viñeron e presentaron un escrito politico, sempre coa presenza dos representantes evidente, a decisión que menos perxudicaba era a ultima, reducir a 6 horas



diarias era a menos perxudicial, eso foi o que plantexamos, chegou o momento de asinar a modificación do contrato, a lei permite un despido con indemnización, a modificación do contrato non significaba perder dereitos so que pasaban a 6 horas conservando todos os dereitos adquiridos, o digo porque quen fixo o papel xa se sabe a intención que ten, días antes de rematar o prazo presentaron reclamación previa e o xuíz determinara si é correcto ou non, eu teño claro que non podemos mirar para outro lado pagar a xente cando traballa e cando non non, a nos tocaron as vacas fracas, cando se permitiu revisar salarios o fixemos, todo o resto é política, e preocupante utilizar un servizo para política nada mais, nos actuamos con datos obxetivos non con favores, nin insultos pola nosa parte pola outra si, entendo que se enfaden, me acusan de presionar, me chegaron a decir si eramos franquistas non sei que, o resto me parece política, si queren negociar que falen co alcalde, o argumento e este, pero non sei que queren, seguir con 8 horas cando sobran horas, de aquí a un ano vaise dobrar e aumentar xornada.

Sr Rodríguez Blanco:

PREGUNTAS

1. teño varias preguntas si vai dobrar aumente agora a xornada que o merecen, as chama preguiceiras e é moi forte, van as vivendas cambiar pañales, lavalos maiores, non hai reclamación contra elas, todo o bo lle molesta, que diga que non traballan, diga o que cobran e o seu secretario tamén, son 7 persoas con 7 familias, non é política, non queda outro remedio falar coa xefa de servizos sociais si vostede non defende o servizo.
2. En Santa Comba van facer obras, en que consisten si hai proxecto, si hai subvención.

ROGOS:

1. No outeiro as arquetas coa choiva estan algunha levantadas que manden alguen a revisar
2. Solicitar a xunta dianta do colexio que faga algo, enchese de auga, como e da xunta a carretera que tomen medidas
3. A carretera de castiñeira o sexto hai polas tiradas, o pavimento un desastre, pode ocorrer un accidente
4. Investigue pasando por cabral hai un verquido tiraron colchóns e obrigar a retirar

Sr Alcalde os verquidos xa lle dixen estamos en eso, a pista está un proxecto de arranxo de pistas de agader o colexio de bañías estes días choveu moito, menos mal que non pasou como carballo e sada, non é normal construír nos rios pero o miraremos. En Santa comba estase intentando ensanchar.

Eu non chamei perguiceiro a ninguen, digo que si traballan 6 horas pagar por 6 horas, a xornada e facilmente determinada, eu cando falei do saf dixen que era vocacional, e moi sacrificado, agora falamos de remuneracion e xornada, non podemos pagar por 8 si fai 6, eso é o que facemos pero non chamamos perguiceiro a ninguen, non debemos pagar polo non traballado, o salario eu non o puxen, cando puđen cambiar o fixen, o salario o puxeron vostedes, debería ser mais alto, no 2011 Rajoy puxo estas restriccións, estamos impulsando a rpt e nese momento falaremos, a min ninguen me dixo nada do salario.

Sr Rodríguez Blanco: son tan boas que nin soldo reclaman se da conta.

Sr Alcalde estamos falando de traballadores, si traballan 6 horas se pagan 6, o que me choca e que nos diga que non defendemos os servizo públicos e que imos privatizar, pero si foron vostedes, e causaron un grave problema porque podendo ter unha escola infantil integrada na xunta o quedar na situación que está xa llo deciamos metamonos no consorcio e vostedes non fixeron o seguinte paso para que asumiran a escola infantil, solo o ano pasado porque nos o impulsamos, recibimos 10500 euros, nos gustaria que o PP falara tamén co conselleiro, a min me sorprende que fale de privatizar, estou en contra.

Sr Rodríguez Blanco: coma co centro de día que se pechou

Sr alcalde: Non está pechado, temos un convenio con Geriatros, creo que hai cinco persoas e nunca tantas houbo, igual vostedes perefiren derrochar, este servizo custa cero o concello, xestión deste goberno tamén, estamos en contra da privatización por cuestión económica porque o beneficio industrial repercute na mellora do servizo, pero hai cousas inevitables que hai que privatizar, estamos falando de pagar polo que se traballa.

Sra. Rodríguez Ordoñez: por fin me toca, sempre son a última, temos os nosos rogos e preguntas,



ROGOS

1. Serei breve, xa mencionei entramos na primavera e facer visitas polas parroquias, reposición de aceras, metros de baldosa levantada, vas camiñando e se tropeza e que se faga unha revisión, a pista dirección a Gandara nos pediron unha mellora porque hai un uso importante.
2. O patio do colexio son consciente e creo que debemos pedilo a educación e dar solución, con pasadizo e si educación non fai tomar o concello unha medida provisional, temos que tratar de mellorar, esta semana o acceso o colexio foi de pena.
3. Outro rogo que se trate de crear unha comisión para buscar formas de bonificación ibi ese porcentaxe do 0,50 rebaixar a 0,45 este incremento de recaudación foi importante e reducir.
4. Dende o concello debemos crear emprego, que a xunta nos facilite obradoiros-
5. Pedimos mocións por escrito presentadas debidamente e non se levaron a comisións nin a pleno, nos obriga a traelas por urxencia, non temos noticias pedimos respecto e e unha maneira de solicitar o goberno as carencias.
6. O acceso a monte toran si podemos dar un arreglo a esa zona ou limpeza.
7. Respecta o mantemento , hai que prever e ter delicadeza, en semana santa a imaxen quedou de pena requeria unha limpeza.
8. Último rogo, o noso grupo dedica o maximo posible a ter acceso administrativo, solicitamos e vostede o complica moito, sabe que os accesos poden ser en xornadas cortas, vostedes que presumen de transparencia, eu requerin varias opcións, acceso simple, con menos tempo, debería dar exemplo.

PREGUNTAS

1. Unha vez mais o camiño de reboredo, non temos resposta, o expediente está en camiño, non se dignou nin a mostrar o expediente.
2. Como está algunha obra en curso, entre elas, a praza de cereixo, en que estado está.
3. Cal é o motivo para que non nos convide os actos, houbo diversos actos, e non cumpre cal e o argumento.
4. Reproducir expresións, escandalo, vergonza, vostede non esconde cousas no caixon, porque deixaron caducar un expediente de penalidades dunha obra da Piroga, as actas están ahí este grupo fixo unha investigación nesta obra, unha vez mais, podemos comprobar según a ultima xunta de goberno deixaron caducar o expediente, me sorprende que algunhas cousas se persigan con entusiasmo, e esta reclamación quedou no caixon, nos gustaria escoitar a resposta, sexa responsable dos seus actos, non volva o pasado, vostede predica e non obra.

Sr alcalde: Está?

Sra Rodríguez Ordoñez: non nin o 20 por cen, os procedementos en urbanismo, estamos preocupados polo retraso, obras paralizadas, sufrindo unha consecuencia, negocios que non funcionan, perda de recaudación, son participes desto, non se esforzan en nada, estamos espantando as empresas, estades dando solucións mediocres e logo ven as consecuencias

Sr alcalde: Pregunte non discursée, aquí son preguntas, senon teño que cortarlle.

Sra Rodríguez Ordoñez Cando non gustan as cousas a técnica é cortar, a pregunta e que a situación urbanística en Vimianzo nos preocupa, cal e o motivo cos técnicos que agora hai, sin levar por rexistro de entrada, por outro lado, unha triste noticia, o noso concello vai a deriba.

Sr alcalde: Pregunte

Sra Rodríguez Ordoñez Non todo son caprichos, nin querer impoñer, estamos preocupados cos titulares dos ultimos días, fala de escándalo,

Sr alcalde: Pregunte

Sra Rodríguez Ordoñez A realidade non se parece en nada o que di

Sr alcalde: Vostede ten que facer unha pregunta

Sra Rodríguez Ordoñez Xa sei que non interesa

Sr alcalde: Si que me interesa

Sra Rodríguez Ordoñez Vostedes nesta lexislatura recorta en todo,



Sr alcalde: Segundo aviso, pregunta si non o fai retiro a palabra

Sra Rodríguez Ordoñez Quero saber que pasa cas chicas do saf

Sr alcalde: Faga preguntas

Sra Rodríguez Ordoñez E facil que na sua casa entran seis mil euros

Sr alcalde: Ultima vez que aviso

Sra Rodríguez Ordoñez Porque reduce as chicas do saf o soldo, é consciente desa redución o que supón para elas que pon o coche para seis parroquias.

Sr alcalde: Acabase o turno non se axusta a orden do día esta abusando

Sra Rodríguez Ordoñez Estamos dentro das preguntas. Quero que me aclare o seu criterio, si cando fai ese gráfico, ten en conta que son usuarios fijos neste concello.

Sr alcalde: Vou retirar a palabra

Sra Rodríguez Ordoñez A verdade ofende, pon familias en precariedade porque na sua casa ten privilexios, en vimianzo os servizos sociais eran un referente e estamos quedando na cola-

Sr alcalde: Non está no uso da palabra

Sra Rodríguez Ordoñez Quere privatizar servizos, esto e unha necesidade,

Sr alcalde: Ultimo aviso,

Sra Rodríguez Ordoñez Todo é impoñer e impoñer non teño porque calar, pido respecto

Sr alcalde: O presidente son eu e non esta no uso da palabra.

Sra Rodríguez Ordoñez: Non terminei.

Sr alcalde: Levántase a sesión por motivos que impiden continuar.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 14:05 horas, a presidencia remata a sesión e eu redato esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 2 de abril de 2016.